Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 3; Andar 2º
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 544 876
patrimonio.cultura@xunta.gal

INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL RELATIVO AO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA O NOVO ACCESO AO CEIP PÁRROCO DON CAMILO EN SAN ANDRÉS DE COMESAÑA, CONCELLO DE VIGO

Documento: Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo en San Andrés de Comesaña. Documento para aprobación inicial
Ámbito: Ámbito do CEIP Párroco Don Camilo
Autor: Santorio arquitectos
Promotor: Concello de Vigo
Expediente: 2024/1844 (SPL-2024-0035.PLAN)

ANTECEDENTES

O 08.05.2024 tivo entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un oficio do concello de Vigo no que solicita o informe sectorial en materia de patrimonio cultural ao documento do *Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo en San Andrés de Comesaña. Documento para aprobación inicial*, aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 19.05.2024, e do qu se achega unha ligazón para a súa descarga.

O 10.06.2024 e o 24.06.2024 foron emitidos os informes de arquitectura e arqueoloxía respectivamente, polos servizos técnicos do Servizo de Patrimonio Cultural de Pontevedra.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

O planeamento vixente no concello de Vigo é o Instrumento de ordenación provisional (en diante IOP), aprobado polo Pleno do concello de Vigo o 24.07.2019. Nos ámbitos onde non sexa de aplicación o IOP, recobra vixencia o Plan xeral de ordenación urbana de 1993 (en diante PXOU 93), tras a anulación por sentenza xudicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal de 2008 (en diante PXOM 2008).

Aínda que o do PXOM 2008 se atope anulado, por aplicación do artigo 86 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (en diante LMFAO), "a simple declaración de nulidade do instrumento de ordenación urbanística non implicará a perda da condición de bens declarados de interese cultural ou de bens catalogados dos bens incluídos no catálogo do instrumento de ordenación anulado, sendo de aplicación en todo caso o réxime derivado da lexislación indicada." Ademais, o artigo 31.4 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (en diante LPCG) determina que "a suspensión ou a anulación do planeamento urbanístico non determinará por si mesma a exclusión do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia daqueles bens incluídos nel conforme o artigo 301, agás cando a anulación derive dunha causa de nulidade relacionada coas determinacións do planeamento en materia de patrimonio cultural ou do propio catálogo urbanístico". Polo tanto o Catálogo do PXOM 2008 mantén a súa vixencia.

É de aplicación o disposto nas seguintes disposicións normativas:

- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na CCAA de Galicia
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as directrices de ordenación do territorio.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia
- Decreto 92/2019, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

INFORME

O presente informe emítese en virtude do establecido polo artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (en diante LPCG), que establece que todos os plans, programas e proxectos

CVE: MLwMj6W0WgW7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 3; Andar 2º
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 544 876
patrimonio.cultura@xunta.gal

relativos a ámbitos como a paisaxe, o desenvolvemento rural ou as infraestruturas ou calquera outro que poida supoñer unha afección ao patrimonio cultural de Galicia pola súa incidencia sobre o territorio, deberán ser sometidos ao informe da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, que establecerá as medidas protectoras, correctoras e compensatorias que considere necesarias para a salvagarda do patrimonio cultural afectado, sen prexuízo das súas competencias para a posterior autorización das intervencións que puideren derivar dos documentos en trámite.

1. Descrición do expediente

O OBXECTO desta modificación puntual (en diante MP) é dar resposta á necesidade de executar un novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, para resolver os problemas de seguridade viaria que sofren os escolares do centro no seu acceso ao mesmo.

O ámbito delimítase empregando os límites definidos pola aliñación do vial proxectado, así como polas parcelas existentes que o conforman, e a zona da estrada autonómica que se ve afectada por mor das cuñas de acceso a desenvolver, en virtude do sinalado na Orde de 23 de maio de 2019, pola que se regulan os accesos a estradas de Galicia e ás súas vías de servizo, de xeito que se garante unha axeitada inserción do acceso proxectado dende a estrada autonómica, de acordo á normativa sectorial de estradas vixente de aplicación, así como no tecido da restante rede viaria municipal existente. Ademais, na proposta deste PEID se inclúe unha porción de parcela para adicionar á do CEIP, regularizando así o seu deslinde actual, que na zona na que se plantea o novo acceso conta con unha xeometría irregular, que non se acomoda axeitadamente ao obxectivo fundamental buscado de mellorar a accesibilidade ao centro. Deste xeito, a superficie da parcela do CEIP ampliarase lixeiramente (524,00 m²), acadando un maior desafogo de superficie nesta zona onde se localiza o novo acceso proxectado.

2. Incidencia da actuación sobre o patrimonio cultural de Galicia

Non existen no ámbito bens catalogados, nin está afectado polo contorno de protección de ningún deles, polo que non se incorporan fichas de catálogo de elementos patrimoniais no presente documento. O elemento de carácter arquitectónico máis próximo é a Nave para talleres e oficinas de Vitrasa, que se atopa a máis de 20 m da actuación.

CONCLUSIÓNS

En consecuencia e por todo o antedito a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do ámbito das súas competencias emite, respecto ao documento do *Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo en San Andrés de Comesaña. Documento para aprobación inicial*, un **informe favorable**.

Santiago de Compostela, no día asinado dixitalmente

A directora xeral do Patrimonio Cultural

Mª Carmen Martínez Ínsua

Asinado por: MARTINEZ INSUA, MARIA CARMEN
Cargo: Directora Xeral de Patrimonio Cultural
Data e hora: 09/07/2024 11:27:19
Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025
CVE: MLwMj6W0WgW7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve